



Manual do usuario do servizo de recollida de datos de orientación



ÍNDICE


1. INTERFACE DA APLICACIÓN.....	3
1.1. Inicio da aplicación.....	3
1.2. Finalización da aplicación.....	3
1.3. Controis comúns.....	4
1.3.1. Encabezado e pé de páxina.....	4
1.3.2. Pantalla central.....	4
2. CONSULTA CUESTIONARIOS.....	6
3. EDICIÓN CUESTIONARIO.....	7
4. VALIDACIÓN E ENVÍO DO CUESTIONARIO.....	10

1. Interface da aplicación

Neste primeiro apartado do manual, especificaranse características relativas o funcionamento e aspecto visual do sistema **drdorienta**.

1.1. Inicio da aplicación


Se o usuario xa se atopa conectado e validado como usuario da consellería poderá acceder directamente ao sistema sen necesidade de pasar polo procedemento de validación, no caso contrario amosaráselle a seguinte pantalla ao usuario na que poderá indicar as súas credenciais de acceso ao sistema **drdorienta**.



The screenshot shows the login interface for 'drdorienta'. At the top left, the logo and name 'drdorienta' are displayed, along with the subtitle 'Recollida de datos dos equipos de orientación'. At the top right, the Xunta de Galicia logo and name are shown, along with 'CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA'. Below this, a dark bar indicates the user is 'Sen identificar' (not identified) with an 'Entrar' button. The main heading is 'Entrada ao servizo'. A light blue bar indicates 'Axuda simulada'. The 'Identificación de usuario/a' section contains a help icon, a text input for the email address (pre-filled with '@edu.xunta.es'), and a password input field. Below the inputs are 'ENTRAR' and 'LIMPAR' buttons. At the bottom, there is a note: 'Para calquera aclaración ou dúbida pode poñerse en contacto coa Unidade de Atención a Centros chamando ao número 902 90 54 45, ou mediante correo electrónico no enderezo uac@edu.xunta.es.'

1.2. Finalización da aplicación

No caso de que o usuario decida abandonar a aplicación poderá facelo en calquer momento a través da opción "Saír", situada no menú superior. Para maior seguridade, deberá pechar as fiestras abertas no navegador.




The screenshot shows the application menu. At the top left, the logo and name 'drdorienta' are displayed, along with the subtitle 'Recollida de datos dos equipos de orientación'. At the top right, the Xunta de Galicia logo and name are shown, along with 'CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA'. Below this, a dark bar indicates the user is 'Apel1 Apel2, Sscc' with a 'Saír' button. The main menu consists of three items: '1. Inicio', '2. Administración', and '3. Axuda', each in a blue box.

1.3. Controis comúns

1.3.1. Encabezado e pé de páxina


A continuación descríbense os enlaces dispoñibles en calquer momento no encabezado (zona superior) e pé (zona inferior) da páxina.



The screenshot shows the application header with the logo and name 'drdorienta' and the tagline 'Recollida de datos dos equipos de orientación'. On the right, the Xunta de Galicia logo and name are present. Below this, the user information 'Usuario/a: Apel1 Apel2, Sscc' is displayed next to a 'Saír' button. At the bottom, there is a navigation menu with three items: '1. Inicio', '2. Administración', and '3. Axuda'.

No encabezado da aplicación pódense atopar os seguintes elementos:

- Información xeral sobre a aplicación: nome e descrición xeral da funcionalidad
- Logotipo da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Información do usuario autenticado (apelidos e nome)
- Botón de saída da aplicación
- Menú da aplicación



The screenshot shows a horizontal navigation bar with the following links: 'Inicio', 'Accesibilidade', 'Aviso', 'Privacidade', and 'Contacto'.


Respecto o pé, esencialmente contén información xeral sobre a aplicación, incluíndo un enlace de acceso ó inicio da aplicación, e información de accesibilidade, privacidade e un aviso xeral, e a información de contacto para recibir soporte.

1.3.2. Pantalla central

Na sección central da pantalla da aplicación situaranse as diversas funcionalidades e seccións da mesma, ás que se accederá a través do menú superior.

1.3.2.1. Elementos de axuda

As pantallas que requiran de explicacións sobre o seu contido poderán amosar aclaracións sobre a súa funcionalidade, presentadas en forma de axuda da seguinte forma:




The screenshot shows a help box titled 'Listado de cuestionarios realizados'. The text inside reads: 'Nesta pantalla accédese ó listado de cuestionarios enviados polos usuarios. Na zona superior dispón de controles para filtrar os resultados en base a diferentes criterios (curso, estado, provincia, tipo de centro e código de centro), así coma o botón para buscar. A continuación preséntanse os resultados.'

Ademais, determinadas seccións das diferentes pantallas poden constar de seccións de axuda propias, con aclaracións acerca do seu funcionamento ou significado dos apartados dos que consta:

Filtrado de cuestionarios realizados ?

Facendo clic no símbolo ? accederase á axuda relativa ó punto, nunha ventana emerxente.

Adicionalmente, dende calquer pantalla da aplicación pódese acceder á Axuda, a través do enlace situado no menú superior:



1.3.2.2. Controles das pantallas

Os controles das distintas funcionalidades existentes nas pantallas da aplicación serán botóns, que serán de color amarelo e constarán dun texto descriptivo da acción que desencadenará a súa pulsación.

HABILITAR SELECCIONADOS HABILITAR TODOS PECHAR SELECCIONADOS PECHAR TODOS

1.3.2.3. Paxinación nas táboas de elementos

As táboas que presentan os resultados dunha consulta poden requirir de paxinación para amosar tódolos elementos que conteñen. En caso de superarse o número máximo de elementos por páxina configurado, aparecerá un apartado con este aspecto:

14 elementos atopados, amosando dende o 1 ata o 10.
[Primeiro/Anterior] 1,2 [Seguinte/Último]

A través dos enlaces existentes pódese acceder ás distintas páxinas de resultados. Ademais, amósase o número total de resultados devoltos pola consulta.

2.Consulta cuestionarios

A través do sistema drdoriente, directamente dende a opción de inicio do menú, os usuarios poderán levar a cabo consultas sobre os cuestionarios relativos ao centro no que se atopan destinados. Os cuestionarios dispoñibles poderán pertencer ao curso vixente ou ben tratarse de cuestionarios cubertos para anteriores cursos académicos.

A pantalla presenta o seguinte aspecto:

Información de cuestionarios

Axuda simulada

Información da plataforma

Curso académico
2009 - 2010

Data de apertura
10/05/2010

Data de peche
10/07/2010

Centro actual
36006195 - CEIP - A Carballeira

Cuestionario activo
Cuestionario Dpto. Orientación Infantil/Primaria

5 elementos atopados, amosando dende o 1 ata o 4.
[\[Primeiro/Anterior\]](#) [1,2](#) [\[Seguinte/Último\]](#)

Cuestionarios realizados

Cuestionario	Curso	Data	Estado
Cuestionario Dpto. Orientación Infantil/Primaria	2009-2010	08/06/2010 18:16:04	Edición
Cuestionario Dpto. Orientación Infantil/Primaria	2007-2008	08/06/2010 18:44:15	Enviado
Cuestionario Dpto. Orientación Infantil/Primaria	2007-2008	08/06/2010 18:44:19	Pechado
Cuestionario Dpto. Orientación Infantil/Primaria	2007-2008	08/06/2010 18:41:23	Pechado

5 elementos atopados, amosando dende o 1 ata o 4.
[\[Primeiro/Anterior\]](#) [1,2](#) [\[Seguinte/Último\]](#)

Os datos visualizados na listaxe son os seguintes:

- Cuestionario: identifica o tipo de cuestionario e enlaza á vista de detalles do mesmo, para consultar os datos previamente introducidos en caso de estar enviado ou pechado, e permite acceder á edición dos datos en caso de atoparse en estado de "Edición".
- Curso: ano lectivo ó que corresponde a edición do cuestionario.
- Data: data na que se realizou a última modificación sobre os datos do cuestionario.
- Estado: pode ser "Edición" (o orientador aínda pode introducir datos e non procedeu ó seu envío), "Enviado" ou "Pechado" (o prazo de edición do cuestionario atópase finalizado).



3.Edición cuestionario

Usuario/a: Apel1 Apel2, Orientador

1. Inicio 2. Centro 3. Demandas e intervencións 4. ANEAE 5. Medidas e informes 6. Envío 7. Axuda

No caso de atoparse aberto o período de recollida de datos dos servizos de orientación, estarán dispoñibles no menú do sistema as seguintes opcións:

•Preguntas relacionadas co centro e o departamento de orientación

1. Inicio 2. Centro 3. Demandas e intervencións 4. ANEAE 5. Medidas e informes 6. Envío 7. Axuda

2.1.Departamento orientación 2.2.Plans e programas 2.3.Recursos

•Preguntas relacionadas coas demandas recibidas e intervencións realizadas

1. Inicio 2. Centro 3. Demandas e intervencións 4. ANEAE 5. Medidas e informes 6. Envío 7. Axuda

3.1.Demandas 3.2.Seguimentos

•Preguntas relacionadas co alumnado ANEAE

1. Inicio 2. Centro 3. Demandas e intervencións 4. ANEAE 5. Medidas e informes 6. Envío 7. Axuda

•Preguntas relacionadas coas medidas tomadas e informes realizados

1. Inicio 2. Centro 3. Demandas e intervencións 4. ANEAE 5. Medidas e informes 6. Envío 7. Axuda

5.1.Medidas 5.2.Informes

O funcionamento xeral de todas as pantallas dispoñibles para a recollida de datos é moi similar, conterán as preguntas relacionadas coa opción elixida no menú, nas cales o usuario indicará os valores correspondentes como resposta.

Seguimentos

Centro: 36006195 - CEIP - A Carballeira
Ano académico: 2009-2010
Estado: Edición

Axuda simulada

8 Intervencións de seguimento

Respecto das intervencións de seguimento e/ou actualización realizadas no curso 2009-2010 en relación con avaliacións psicopedagóxicas anteriores (non incluír as que figuren no epígrafe anterior. Naturalmente, as avaliacións anteriores poden ser doutra orientadora ou orientador):

Axuda simulada

Ensinanza		Nº informes elaborados
Educación infantil	2º ciclo	<input type="text"/>
	1º ciclo	<input type="text"/>
Educación primaria	2º ciclo	<input type="text"/>
	3º ciclo	<input type="text"/>

GARDAR
LIMPAR

Unha vez introducidos/actualizados os datos que o usuario considere oportunos deberá facer uso das opcións dispoñibles na pantalla para confirmar os datos introducidos ou non telos en consideración.

- Opción **GARDAR**: rexistrarán os cambios realizados polo usuario nas respostas ao cuestionario.
- Opción **LIMPAR**: descartará os cambios realizados na pantalla, que aínda non se gardaron, volvendo a amosar os rexistrados con anterioridade.

No caso de que se indique un valor incorrecto para algunha das preguntas do cuestionario visualizarase a seguinte mensaxe, quedando tamén marcado o campo no que se introduciu o valor incorrecto:

- Campos numéricos: introdución incorrecta dun valor numérico

Informes

Centro: 36006195 - CEIP - A
Carballeira

Ano académico: 2009-2010

Estado: Edición

Atopouse un erro na validación dun campo de tipo número enteiro.

Axuda simulada

16 Informes de fin de etapa

Respecto dos informes de fin de educación primaria aos que se refire a Orde do 31 de outubro de 1996:

Axuda simulada

Nº de alumnado de 6º curso	Nº de informes de fin de etapa
1	1
2	2
1	2
3	4
VALOR NO NUMERICO	

ENGADIR VALOR

- Campos para datas: introdución incorrecta dunha data.



Plans e programas

Centro: 36006195 - CEIP - A
Carballeira
Ano académico: 2009-2010
Estado: Edición



Atopouse un erro na validación dun campo de data (dd/mm/yyyy).

Axuda simulada

3 Plans e programas

Respecto dos plans e programas do departamento de orientación:

Axuda simulada

1. Sobre os documentos referidos na LOE e/ou no Dto.120/1998 e na Orde do 24-07-1998 e para os centros DO (só os catalogados como DO. A data de aprobación refírese á aprobación definitiva no departamento de orientación):

Documentos centro DO	Data de aprobación
Plan de orientación académica (Dto. 120/1998 e Orde do 24-07-1998)	DATA NON V
Plan de acción tutorial (LOE e Dto. 120/1998 e Orde do 24-07-1998)	13/12/2009
Plan anual de actividades do departamento do actual curso (Orde do 24-07-1998)	14/12/2009
Memoria final derradeiro curso (Dto. 120/1998)	15/12/2009



4. Validación e envío do cuestionario

A través da opción do menú envío poderase proceder a validación dos datos introducidos no cuestionario, así como levar a cabo o envío do mesmo para as correspondentes validacións/comprobacións por parte do persoal de SSCC.

A pantalla presenta o seguinte aspecto:

Envío do cuestionario

Centro: 36006195 - CEIP - A Carballeira
Ano académico: 2009 - 2010
Estado: Edición

Axuda simulada

Resultados da validación

Resultados da validación: 1 erros
Data da validación:

VALIDAR

Un elemento atopado.

Erros na validación

Mensaxe
DEMANDAS RECIBIDAS vs ATENDIDAS (Outras procedencias ou orixes) as demandas atendidas (7) supera as demandas recibidas (6). Asegúrese que os datos son correctos.

Un elemento atopado.

Envío do cuestionario

Observacións

GARDAR

ENVIAR Lembre que unha vez enviado o cuestionario xa non poderá facer máis modificacións.



Na parte superior atópanse dispoñibles os compoñentes relacionados co proceso de validación, no caso de proceder á validación do cuestionario, botón **VALIDAR**, e se atopan erros durante o proceso, quedarán reflectidos na listaxe de erros de validación.

Resultados da validación

Resultados da validación: 1 erros
Data da validación: 09/06/2010 11:07:30

VALIDAR

Un elemento atopado.

Erros na validación

Mensaxe
DEMANDAS RECIBIDAS vs ATENDIDAS (Outras procedencias ou orixes) as demandas atendidas (7) supera as demandas recibidas (6). Asegúrese que os datos son correctos.

Un elemento atopado.

Na parte inferior da pantalla, o usuario dispón dun campo para indicar as observacións oportunas relacionadas co rexistro dos datos do cuestionario, así como do botón **ENVIAR** para proceder ao envío do cuestionario para as comprobacións oportunas por parte do persoal de servizos centrais.

Envío do cuestionario

Observacións

GARDAR

ENVIAR Lembre que unha vez enviado o cuestionario xa non poderá facer máis modificacións.

NOTA: Para levar a cabo a operación de envío do cuestionario, non se permitirá a existencia de erros no proceso de validación.